



## Concello de Viveiro

### **SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE A O DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2016**

#### CONVOCADOS:

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA  
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ  
D<sup>a</sup>. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA  
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

#### INTERVENTORA:

D<sup>a</sup>. MARÍA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ

#### SECRETARIA XERAL:

D<sup>a</sup>. MARILUZ Balsa RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 14:30 do día 10 de outubro de 2016, en segunda convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D<sup>a</sup>. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Excusan a súa asistencia os concelleiros D. Jesús Fernández Cal, D. Jesús Fernández Fernández e D<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

### **1.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN**

#### **EXPTE. 1733/2016**

Vista a solicitude de dona VIRGINIA MATEOS GARCIA, de tramitación dun Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a implantación dun complexo de turismo rural. **Ambito material:** Parcela 496, do polígono 33, referencia catastral 27067 A033004960000XI, sita en Galdo-Viveiro

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

En data 8 de xullo de 2016 no rexistro xeral de entrada no Concello de Viveiro, achégase o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións localizado no polígono 33 parcela 496 da parroquia de Galdo.

En data 12 de setembro de 2016 no rexistro xeral de entrada no Concello de Viveiro, se achega o Modificado de Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións localizado no polígono 33 parcela 496 da parroquia de Galdo.

Visto o informe técnico emitido polo arquitecto municipal en data 28 de setembro de 2016, no que literalmente se sinala

“(…)

### 1. *NORMATIVA APLICABLE*

*Figura de planeamento municipal aplicábel Ordenación Urbanística Provisional, OUP, Decreto 102/2006, modificada polo decreto 89/2010.*

### 2. *INFORME SOBRE A SOLICITUDE:*

#### 2.1.- *Clasificación e cualificación do solo*

*A clasificación do solo segundo a OUP é solo rústico especialmente protexido. Ordenanza 9.*

#### 2.2.- *Descrición da parcela*

*Datos catastrais:*

*referencia catastral nº27067A033004960000XI, Polígono 33, Parcela 496,  
Sua Chousa.  
Superficie de parcela 7.649,00 m<sup>2</sup>.*

#### 2.3.- *Descrición do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións*

*Documento asinado polo arquitecto Eduardo Canals Peres que define as infraestruturas e dotacións necesarias así como a xustificación do cumprimento da normativa urbanística de aplicación para a construción de dous apartamentos semisoterrados cunha superficie construída de 49,45 m<sup>2</sup> cada unha e unha edificación destinada a recepción de visitantes cunha superficie de 37,35 m<sup>2</sup> destinadas ao turismo no medio rural, [artigo 35,o) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.*

#### 2.4.- *AFECCIÓNS SECTORIAIS relativas á ocupación do solo*

*Atendendo ao disposto nos artigos 34 e 36 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, enténdese que o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións non require de informes sectoriais previos.*

#### 2.5.- *AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA dos instrumentos de planeamento urbanístico*

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

*As actuacións pretendidas nos se engloban en ningún dos suposto recollidos no artigo 46 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.*

### 3. CONCLUSIÓN

*Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel o plan achegado completa documentalmente o recollido no artigo 73 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.”*

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal, en data 6 de outubro de 2016, no que se sinala:

“ (..)

*Con nº 5043 de 8 de xullo de 2016 no rexistro xeral de entrada no Concello de Viveiro, achégase o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións localizado no polígono 33 parcela 496 da parroquia de Galdo.*

*Con nº 6332 de 12 de setembro de 2016 no rexistro xeral de entrada no Concello de Viveiro, achégase o Modificado de Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións localizado no polígono 33 parcela 496 da parroquia de Galdo.*

### 1. NORMATIVA APLICABLE

*Figura de planeamento municipal aplicábel Ordenación Urbanística Provisional, OUP, Decreto 102/2006, modificada polo decreto 89/2010.*

### 2. ACLARACIÓN:

*Redáctase o presente a petición dos servizos xurídicos do Concello de Viveiro coa intención de deixar claro que o informe emitido con data 28 de setembro de 2016 refírese á Modificación do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións localizado no polígono 33 parcela 496 d parroquia de Galdo, achegado co nº 6332 de 12 de setembro de 2016 no rexistr oxeral de entrada no Concello de Viveiro.*

*O referido modificado corrixe erros materiais que contiña o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións achegado con nº 5043 de 8 de xullo de 2016 no rexistro xeral de entrada no Concello de Viveiro, e refunde toda a documentación.”*

Visto o informe xurídico emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala:

“ (...)

*1. Dª VIRGINIA MATEOS GARCIA solicitou, en data 8 de xullo de 2016, a tramitación dun Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a implantación dun complexo de turismo rural na parcela 496, polígono 33, sita en Sua Chousa-Galdo, deste municipio de Viveiro, coa finalidade de fomentar o turismo de natureza e cultural na zona.*

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

*A solicitude acompáñase de 2 exemplares do documento técnico redactado polo arquitecto Eduardo Canals Peres, en xullo de 2016*

*2. O 12 de setembro de 2016 a interesada presenta novo escrito achegando un documento modificado do Plan Especial, asinado en setembro de 2016 polo anteriormente mencionado arquitecto*

*3. O arquitecto municipal emitiu informe o 28 de setembro manifestando que o Plan Especial de Infraestruturas e Dotación formulado por dona Virginia para a parcela 495 Polígono 33 non precisa de autorizacións ou informes sectoriais previos nin se atopa dentro dos supostos para os que o artigo 46 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia establece a avaliación ambiental estratéxica (en ningunha das dúas modalidades previstas- ordinaria /simplificada).*

*O anterior informe foi complementado por outro asinado o 6 de outubro actual, emitido a petición deste servizo en orde a aclarar cal dos documentos presentados pola interesada constitúe o soporte documental do plan especial que se pretende aprobar, e no que se precisa que o documento obxecto da tramitación é o presentado no rexistro xeral deste concello en data 12 de setembro rexistrado co número 2016-E-RC-6332, asinado polo arquitecto Eduardo Canals Peres e datado en setembro 2016, titulado "Modificado Plan Especial de Infraestructuras y Dotaciones en Polígono 33, Parcela 496 SUA CHOUSA Viveiro"*

A **lexislación aplicable** é a seguinte:

- *Artigos 35-1, letras o) e p); 36, apartados 2 e 4, e artigos 70, 73, 74, 75 e 76 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, respecto da posibilidade de aprobación de plans especiais, finalidades, contido, e procedemento de aprobación*
- *Artigos 21.1.j) y 22.2.c) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.*

*De acordo coa mencionada lexislación, cabe formular as seguintes consideracións:*

### **a) Posibilidade de formulación do plan especial**

*O artigos 70-1 e 74 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, posibilitan que os particulares lexitimados para facelo formulen plans especiais; na ausencia de planeamento xeral ou cando este non conteña as previsións detalladas oportunas, poderán aprobarse plans especiais unicamente coa finalidade de (...) rehabilitar e mellorar o medio rural ou establecer infraestruturas e dotacións urbanísticas, sempre que estas determinacións non exixan a previa definición dun modelo territorial.*

### **b) Obxecto e Contido do Plan especial**

## Concello de Viveiro

---

*Os plans especiais conterán as determinacións necesarias para o desenvolvemento do planeamento correspondente e, en todo caso, as propias da súa natureza e finalidade.*

*Os P.E. de Infraestruturas e Dotacións (en diante, PEID) teñen por obxecto, entre outras finalidades, a implantación dos usos previstos nos puntos o) e p) do artigo 35.1 LSG (construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se localicen, e construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados)*

*Os plans especiais de infraestruturas e dotacións conterán as determinacións axeitadas á súa finalidade e, en todo caso, as seguintes:*

- a) Delimitación dos espazos reservados para infraestruturas e dotacións urbanísticas e o seu destino concreto.*
- b) Medidas necesarias para a súa adecuada integración no territorio e para resolver os problemas que xere no viario e nas demais dotacións urbanísticas.*
- c) Medidas de protección necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade universal das infraestruturas e dotacións urbanísticas.*

### **c) Informes sectoriais**

*O artigo 36-2 dí que, en todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva segundo o disposto no número seguinte (para os usos previstos nas letras n) e ñ) do artigo 35). Tales informes non resultan necesarios no presente caso, segundo informa o arquitecto municipal*

**d) O procedemento de aprobación** dos Plans Especiais regúlase no artigo 75 da LSG, nos seguintes termos:

*1. A tramitación dos plans parciais e plans especiais axustarase ao seguinte procedemento: \_*

*a) O órgano municipal competente procederá á súa **aprobación inicial** e someterao a información pública como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.*

*b) Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser*



## Concello de Viveiro

---

emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.

c) Cando, con posterioridade ao trámite de información pública, se pretendan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, abriase un novo trámite de información pública.

d) Os servizos xurídicos e técnicos municipais deberán emitir informe respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente.

e) A aprobación de plans especiais non previstos no plan xeral e de plans especiais de protección que conteñan a ordenación detallada do solo urbano consolidado requirirá, en todo caso, a previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refira ao control da legalidade e á tutela dos intereses supramunicipais, así como ao cumprimento das determinacións establecidas nas Directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais.

Para estes efectos, cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o órgano municipal competente **aprobará provisionalmente** o contido do plan coas modificacións que sexan pertinentes e someterallo, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu informe preceptivo, que deberá ser emitido no prazo de dous meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría. Transcorrido este prazo sen que se comunicase o informe solicitado, poderá continuarse a tramitación do plan.

O órgano competente en materia de urbanismo, no prazo dun mes, examinará a integridade do proxecto de plan. De se apreciar algunha deficiencia, requirirá a súa emenda. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a emisión do informe.

f) Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o concello procederá á súa aprobación definitiva.

2. No suposto dos plans parciais e plans especiais que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, en virtude do disposto no artigo 46.1, seguirase o procedemento establecido no artigo 60, puntos 2, 3, 4, 5, 8, 9, 10, 11 e 12. **(NON RESULTA DE APLICACIÓN NO PRESENTE CASO)**

3. No suposto dos plans parciais e plans especiais que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada, en virtude do disposto no artigo 46.2, con carácter previo á aprobación inicial do documento, realizaranse os seguintes trámites: **(NON RESULTA DE APLICACIÓN NO PRESENTE CASO)**

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

4. A **aprobación definitiva** dos plans parciais e dos plans especiais corresponderalle ao órgano municipal competente.

**e) En relación aos órganos municipais competentes**, o artigo 21.1 j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local atribúe a competencia para a aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral no expresamente atribuídos ao Pleno á persoa titular da Alcaldía; dita competencia atópase delegada na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 3 de xuño de 2015, publicada no BOP de Lugo numero 163 de data 17 de xullo de 2015, polo que será dito órgano municipal o competente para a aprobación inicial e provisional do plan especial de infraestruturas e dotacións que se está a informar.

A aprobación definitiva correspondelle ao Pleno da Corporación de conformidade co disposto no artigo 22.2 letra c) da Lei de bases de réxime local.

**f) Prazos para aprobación inicial e definitiva dos instrumentos de desenvolvemento de iniciativa particular**

De acordo co artigo 76 LSG, o prazo máximo para resolver sobre a aprobación inicial de plans de desenvolvemento de iniciativa particular será de tres meses, contado a partir da súa presentación no rexistro xeral do concello. Transcorrido este prazo sen que recaese resolución expresa, entenderase outorgada a aprobación inicial do correspondente instrumento de planeamento.

2. O prazo para a aprobación definitiva polo concello de plans de desenvolvemento dos plans xerais será de seis meses, contados desde a aprobación inicial. Transcorrido este prazo sen que se procedese á notificación da resolución, poderá entenderse aprobado definitivamente o plan, sempre que se realizase o trámite de información pública e se obtivesen os informes preceptivos en sentido favorable, de conformidade coa lexislación aplicable, ou, se é o caso, fosen solicitados os informes e transcorresen os prazos para emitilos.

3. Non se aplicará o silencio administrativo positivo cando os plans ou instrumentos conteñan determinacións contrarias á lei, aos plans de superior xerarquía ou aos instrumentos de ordenación do territorio.

**g) Vixencia do plan especial**

Conforme o establecido no artigo 82 LSG, o acordo de aprobación definitiva deberá publicarse no DOG no prazo dun mes dende a súa adopción e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas deberá publicarse no BOP; a eficacia da aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado quedan condicionadas á súa publicación e á inscrición do instrumento no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia para o cal se deberá remitir á consellería competente en materia de urbanismo, un exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado”



## Concello de Viveiro

---

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en virtude dos informes técnicos e xurídicos, acorda:

Primeiro.- **Aprobación inicial** do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a implantación dun complexo de turismo rural. **Ambito material:** Parcela 496, do polígono 33, referencia catastral 27067 A033004960000XI, sita en Galdo-Viveiro

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia e notificar individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo para levar a efecto o acordado no punto segundo e a continuación do procedemento.

### **2.- PROPOSTA DE GASTOS.**

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 2068/2016.- EXPTE. 2069/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

### **3.- ESCRITOS E COMUNICACIONES.**

#### **EXPTE. 2895/2016**

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por D<sup>a</sup>. María Josefina Acevedo Vilas, en data 26 de setembro de 2016, co N<sup>o</sup> de rexistro 2016-E-RC-6563, referente ao aval depositado por haber rematado as obras de Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar situada en Xunqueira, n<sup>o</sup> 131, en Viveiro, que ascende á cantidade de 1.000,00 euros, para responder dos posibles danos que se pudiesen ocasionar no espazo público ó realizar as obras con licenza URB/36/2013.





## Concello de Viveiro

---

Visto o informe do vixiante urbanístico, no que se indica que as obras e o espazo público quedaron en perfectas condicións, podendo devolver a fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D<sup>a</sup>. María Josefina Acevedo Vilas, para responder da licenza URB/36/2013, que ascende á cantidade de 1.000,00 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

### **EXPTE. 2915/2016.**

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por D. Alberto Torres Chao en data 15 de setembro de 2016, co N<sup>o</sup> de rexistro 2016-E-RC-5405, referente á fianza depositada que ascende á cantidade de 500,00 euros, para responder dos posibles danos que se puidesen ocasionar no espazo público ó realizar as obras en Bimbial, 83, Magazos, con expediente de licenza URB/77/2014.

Visto o informe do vixiante urbanístico, de data 6 de outubro de 2016 no que se indica que as obras e o espazo público quedaron en perfectas condicións, polo que procede a devolución da fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D. Alberto Torres Chao para responder da licenza URB/77/2014, que ascende á cantidade de 500,00 euros, depositada no seu momento.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

### **EXPTE. 2919/2016.**

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por D<sup>a</sup>. Susana Pardo Pardo, en data 13 de abril de 2016, co N<sup>o</sup> de rexistro 2.601, referente á fianza depositada que ascende á cantidade de 2.500,00 euros, como garantía de posibles danos que se poideran ocasionar no espazo público ó realizar as obras en Xunqueira, 131, Viveiro, co expte. licenza URB/178/2014.

Visto o informe do vixiante urbanístico, de data 30 de setembro de 2016 no que se indica que as obras e o espazo público quedaron en perfectas condicións, polo que procede a devolución da fianza.

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D<sup>a</sup>. Susana Pardo Pardo, para responder da licenza URB/178/2014, que ascende á cantidade de 2.500,00 euros, depositada no seu momento.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

### **EXPTE. 2941/2016**

Vista a solicitude de D. Juan Arias Serantes, domicilio a efectos de notificación na Ctra. LU-862, Km 89.700, C.P. 27863 Celeiro-Viveiro, co núm de Rexistro 2016-E-RC-6656 , de devolución da fianza depositada no seu día por importe de 17.000,00 euros en concepto de garantía de execución das obras simultaneas ás de edificación para acondicionamento do fronte da parcela no Lg. Capilla, Magazos, Viveiro (Lugo), e de 5.000,00 euros en concepto de garantía dos posibles danos que se poideran ocasionar nos bens municipais e no espazo público durante a execución das obras de urbanización da parcela, referente ó expte. Urb/272/2012.

Vistos os informes emitidos en data 7 de outubro de 2016 polo vixiante urbanístico, no que se sinala que as obras simultáneas ás da edificación, acondicionamento da fronte, recuamento e entronque ás redes de servizos, quedaron en perfectas condicións, podendo devolver a fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución das fianzas depositadas por D. Juan Arias Serantes por importes de 17.000 euros e 5.000 euros, respectivamente, referente ó Expte. URB/272/2012.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

## **4.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.**

### **EXPTE. 2924/2016**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 2924/2016.

## Concello de Viveiro

---

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

#### **EXPTE. 3/2016**

Visto o recurso de reposición interposto por D<sup>a</sup>. Blanca Veiga García contra o acordo da Xuna de Goberno Local de data 17 de agosto de 2016, polo que se acordou a adxudicación do contrato denominado “Atención Psicolóxica no centro de información ás mulleres (CIM) do Concello de Viveiro (Lugo)”.

Vista a proposta da Alcaldía ós efectos de dar traslado á Xunta de Goberno Local (como órgano de contratación) do recurso presentado, aos efectos de convocar Mesa de Contratación para valorar as alegacións formuladas, en tanto se fundamentan en criterios de valoración, en orde a poder dar resposta ao recurso presentado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Convocar a Mesa de Contratación para que se proceda á valoración das alegacións formuladas por D<sup>a</sup>. Blanca Veiga García no recurso de reposición interposto contra o acordo de adxudicación do contrato denominado “Atención Psicolóxica no centro de información ás mulleres (CIM) do Concello de Viveiro (Lugo)”, en tanto as mesmas se fundamentan en criterios de valoración.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para levar a efecto o acordado no punto primeiro, e a continuidade do procedemento ata a resolución do recurso de reposición interposto.

### **6.- TAXIS**

#### **EXPTE. 2944/2016**

Vista a solicitude de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Franco Rodríguez, con domicilio na rúa Pascual Viega, 4-3<sup>o</sup>C, en Viveiro, titular da licenza de taxi nº 5 deste Concello, manifesta que procedeu ó cambio do seu vehículo marca RENAULT LAGUNA GRAN TOUR, matrícula 4453 HMX, polo vehículo marca TOYOTA AURIS, matrícula 5056 JTB, adxuntando copia da ficha técnica e permiso de circulación do novo vehículo e copia da licenza municipal de taxi correspondente ó vehículo anterior.

Por parte de Secretaría indícase que según o establecido na Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de



## Concello de Viveiro

---

Galicia pode autorizarse a substitución de vehículos para o exercicio da actividade sempre que o vehículo que substitúa ó anterior sexa máis novo e reúna as condicións esixidas para a prestación do servizo.

Vista a documentación presentada coa solicitude de cambio de vehículo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o cambio de vehículo adscrito ó servizo de taxi, solicitado por, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Franco Rodríguez, titular da licenza de taxi nº 5 de Viveiro, cambiando o vehículo marca RENAULT LAGUNA GRAN TOUR, matrícula 4453 HMX, polo vehículo marca TOYOTA AURIS, matrícula 5056 JTB.

Segundo.- Notificar o presente acordo ó interesado e ó Servizo de Mobilidade, así como proceder á súa anotación no Rexistro Municipal.

### **EXPTE.- 2971/2016.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS**

Por parte da Alcaldesa proponse someter á aprobación da Xunta de Goberno Local o expediente 2971/2016, de recoñecemento e liquidación de obrigas, por motivos de urxencia, posto que na relación de facturas e obrigas do listado que conforma o referido expediente se atopan facturas que deben figurar aprobadas e aboadas antes do día 15 do presente mes, por tratarse de gastos subvencionables e ser dita data a data límite para a xustificación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda ratificar a urxencia da inclusión na presente sesión do referido expediente.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 2971/2016.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa

---

### Concello de Viveiro



## **Concello de Viveiro**

---

levántase a sesión, sendo as 14:50 horas do día 10 de outubro de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.